




AS

Fake News

Que son as Fake News?

Imaxina que entras en Instagram ou Snapchat e ves unha noticia sorprendente que di que o teu actor favorito está a vivir nunha illa deserta cunha cría de tigre como mascota. Esta historia pode ser emocionante, pero podería ser un exemplo de "Fake News". As Fake News son historias falsas ou enganosas que se presentan como noticias reais para confundir á xente.



https://commons.wikimedia.org/wiki/File:FAKE_NEWS.png

Como se difunden?

Estas historias increíbles adoitan espallarse rapidamente nas redes sociais. Por exemplo, alguén inventa un rumor sobre unha celebridade ou crea unha noticia extravagante. As persoas comparten esa información emocionante con amigos e, antes de que o saibas, moita xente xa cre que é verdade. É como se estiveras xogando

ao teléfono roto, onde a historia cambia cada vez que alguén a conta.

Quen fai as Fake News?

Calquera pode crear ou compartir Fake News. Ás veces, alguén pode facelo como unha especie de xogo, sen querer causar danos. Pero tamén hai xente con intencións maliciosas que quere enganar ou confundir á audiencia.

Algúns sitios web ou plataformas tamén poden difundir Fake News para atraer máis visitas ou atención.

Como saber se son reais ou falsas?

É esencial non crer todo o que ves ou escoitas. Se ves unha noticia sorprendente, intenta verificar a fonte.

Investiga quen escribiu a historia e se está en sitios de noticias fiables.

Exemplos de Fake News:

- Unha noticia que di que un novo estudo demostra que comer pizza todos os días fai que crezan ás persoas baixas.
- Un rumor que asegura que o teu cantante favorito vai facer un concerto sorpresa no teu instituto.
- Unha historia que conta que unha persoa volveu á vida despois de durmir durante 100 anos.

Calquera deses titulares son exemplos de noticias que resultan sospeitosas.



CC BY-NC-SA Imaxe: NTB , Shutterstock

Como evitar a propagación?

Antes de compartir unha noticia emocionante, asegúrate de que é verdadeira. Pregunta a ti mesmo se

coñeces a fonte e se outras fontes de noticias tamén informan o mesmo. Se dubidas, non a compartas. E se descubres que unha noticia é falsa, avisa aos teus amigos para que non caian no engano.

O perigo da desinformación

A desinformación é un problema grave. Se non estás ben informado podes acabar defendendo cousas coas que non estás dacordo ou, o que é peor, facendo cousas que te poidan perxudicar, por iso é tan importante que a distingas canto antes. Ser capaz de distinguir, se as cousas que nos chegan son veraces ou non, ten que ver con algo que se chama espírito crítico. Ter espírito crítico é o que vai evitar que poidas ser manipulado facilmente.

Estratexias de desinformación

Hai moitos xeitos de desinformar pero normalmente seguen certas estratexias que é importante saber localizar:

Impersonificación

Facerse pasar por outra persoa ou disfrazarse como unha fonte de noticias

fidedigna pode ser moi eficaz. A maioría das persoas presta pouca atención ás fontes. Como difusor de desinformación, aproveitanse moito diso. Hai un minuto eran só un cidadán enfadado, agora son o xefe editor dunha web de noticias. Por iso simular axencias reais ou personaxes auténticos son estratexias que se adoitan seguir entre os difusores de fake news.

Emoción

Xogar cos sentimentos básicos como o medo, a rabia e a empatía fai que as persoas sexan máis susceptibles á mensaxe dos desinformadores.

Polarización

Ao atopar agravios existentes e magnificalos, poden separar á xente e facer que crean que unha historia é moito máis importante do que realmente é. O panorama político onde a esquerda e a dereita están moi afastadas, pode ser facilmente explotado polos creadores de contido.

Conspiración

As teorías da conspiración son unha gran parte dos contidos dos sitios de fake news. As teorías da conspiración poden definirse como a crenza de que eventos inexplorados están orquestados por un grupo ou organización encuberta.

Descrédito

Desacreditar aos teus oponentes é unha parte importante da desinformación, porque desvía a atención das falsedades que se están a espallar.

Trolling

Os trolls explotan as emocións das persoas e borran deliberadamente a liña entre a verdade e a mentira. Participar nunha discusión cun troll significa perder tempo e enerxía valiosos, pero iso é exactamente o que queren!

Husøy, A., Thengs, H. Ø. (2023, December 28). Digital Game: Bad News. NDLA. <https://ndla.no/article/22795>

